VERSIÓN GALEGO

BASES “XIV Certame de Pintura ao aire libre Antonio Fernández Eurocidade Cerveira-Tomiño”

DATA DE CELEBRACIÓN: 16 Agosto de 2026

LUGAR: Parroquia de Goián en Tomiño e Villa Nova de Cerveira (Portugal).

1. Obxecto e finalidade da subvención. O obxecto das presentes bases é regular a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos premios do "XIV Certame De Pintura ao aire libre Antonio Fernández Eurocidade Cerveira-Tomiño", de acordo co establecido na Disposición Adicional Décima da Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións.

A finalidade destes premios é fomentar, dinamizar e promocionar a creación artística.

2. Financiamento e premios.
A contía total máxima destinada a convocatoria ascende a 2.500,00 euros.
Os premios financiados polo Concello de Tomiño imputaranse á partida orzamentaria 334.226.99, cunha dotación máxima de 1.500,00 €, suxeita á dispoñibilidade de fondos adecuados e suficientes.
A distribución dos premios financiados polo Concello será a seguinte:

- Primeiro premio na categoría aberta: 1.200,00 €.
- Tres premios de accésit: 100,00 € cada un.

Os premios serán os seguintes:

Categoría adultos:
1.**º Premio: 1.200 euros.
2.**º Premio: 500 euros.
3ª Premio: 500 euros.
3 accésit: 100 euros cada un.

Categoría infantil (ata 11 anos):
1.**º Premio: Diploma e material de debuxo e pintura por valor de 50€.
Diploma e obsequio para o resto de participantes.

Categoría xuvenil (de 12 os 17 anos):
1.**º Premio: Diploma e material de debuxo e pintura por valor de 100€.
Diploma e obsequio para o resto de participantes.

Na categoría adultos o 1.**º premio e os 3 accésits serán con cargo ao orzamento do Concello de Tomiño; o 2.**º Premio correrá a cargo da Comunidade de montes de Goián; e o 3.**º Premio a cargo da Fundação Bienal de Arte de Cerveira.

Nas categorías infantil e xuvenil os primeiros premios correrán a cargo da Fundação Bienal de Arte de Cerveira e os obsequios de participación a cargo do Concello de Tomiño.

Todos os premios están suxeitos á lexislación fiscal vixente, realizándose sobre estas cantidades as retencións legalmente establecidas. Para a súa cobranza deberase facilitar a documentación indicada pola organización en cada caso.

Para recoller os premios será imprescindible a presenza do autor ou autora, ou dun certificado no seu nome. Se o xurado o estima oportuno, algún dos premios podería quedar deserto.

3. Requisitos dos beneficiarios. Poderán participar persoas físicas maiores de idade e nenos e nenas acompañados por adultos, que serán os seus responsables en todo momento.

Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas en quen concorra algunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións.

Os participantes deberán presentar solicitude conforme o ANEXO I, que inclúe declaración responsable de non estar incursos nas devanditas prohibicións e de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda municipal, autonómica e estatal, e coa Seguridade Social. En caso de non achegar esta documentación, deberán autorizar ao concello de Tomiño para que poida comprobalo de oficio.

4. Características das obras. O tema será calquera paisaxe do percorrido establecido no plano que cada participante deberá descargar da páxina web da *Eurocidade Cerveira-Tomiño. O procedemento e a técnica serán libres.

A obra deberá realizarse ao aire libre, do natural (non se permite a utilización de fotografías) e in situ.

En todo momento, os participantes serán os únicos responsables da elección da localización e as condicións derivadas da mesma. O incumprimento por parte dos participantes desta norma supoñerá a descualificación automática do concurso.

A efectos do seguro e de organización, os participantes deberán, no momento da inscrición, escoller se van pintar na parte de Vila Nova de Cerveira ou na parte española (Goián, contorna da igrexa de Estás e contorna da igrexa de Figueiró) sen posibilidade de cambio o día do Certame. Para este fin habilitarase unha casa que deberán marcar coa súa elección na mesma páxina web da inscrición.

5. Forma e prazo de presentación de solicitudes. A inscrición será gratuíta e farase desde o día de publicación destas bases ata as 14h (hora de Galicia) do 13 de Agosto de 2026 a través da páxina web da Eurocidade. https://eurocidadecerveiratomino.eu/ por rigorosa orde de inscrición. A inscrición deberá facerse de xeito en liña. Non se permitirán as inscricións presenciais o día do certame.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de

Pontevedra por traslado da Base de datos Nacional de Subvencións, operando esta última como sistema nacional de publicidade de subvencións.

A participación neste certame supón a plena aceptación das presentes bases.

6. Procedemento de elaboración das obras. As persoas rexistradas deberán presentarse o día do certame entre as 9.30 e 11.30 horas (8.30 e 10:30h de Portugal) na aula Museo Antonio Fernández na praza Pintor Antonio Fernández de Goián (Tomiño), co obxecto de que a organización sele e numere o soporte.

Cada participante deberá ir provisto de todo o material que poida necesitar para desenvolver a súa obra, incluído o caballete ou soporte.

O soporte (excepto no caso da categoría infantil que será de libre elección) deberá ser ríxido (lenzo, taboleiro etc.)/ etc.) e de 1 cm. de ancho como mínimo. Presentarase en branco sen textura e sen ningún tipo de marco, (mínimo de 50 x 50 cm-2.500 cm2-, e máximo de 100 x 100 cm. -10.000 cm2-). Deberase pintar in situ e do natural.

As obras rematadas serán presentadas, sen asinar e con título (escrito no reverso), xunto co caballete, para a súa exposición na Praza Pintor Antonio Fernández (Goián), e colocadas nos espazos habilitados para este fin, entre as 16:30h e 17:00h (15.30 e 16:00h de Portugal) do mesmo día do certame, co obxecto de que o xurado inicie a súa cualificación. Só se admitirá unha única obra por artista. As obras premiadas serán asinadas despois da entrega de premios.

7. Xurado. O xurado, composto por personalidades vinculadas co mundo das artes , reunirase a partir das 17.30 horas (16.30 h de Portugal) do mesmo día do certame e emitirá a sentenza ás 18.30 horas (17:30h PT).

Para recoller os premios será imprescindible a presenza do autor ou autora, ou dun certificado no seu nome. Se o xurado o estima oportuno, algún dos premios podería quedar deserto.

8. Resolución do procedemento. Á vista do fallo emitido polo Xurado, o Órgano Instrutor (cultura) formulará a proposta de resolución debidamente motivada. Alcaldía ditará resolución definitiva de concesión no prazo máximo de 10 días hábiles desde o fallo do Jurado.
A resolución notificarase mediante a súa publicación na páxina web oficial e na Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS).

9. Propiedade das obras. Todas as obras premiadas pasarán a ser propiedade dos patrocinadores dos premios que se reservan o dereito de edición e reprodución das mesmas.

As autoras e autores non premiados poderán recoller a obra o mesmo día do certame entre as 19.00 e as 20.00 horas (18.00 o 19.00 h de Portugal), sendo requisito necesario presentar a copia da ficha de inscrición.

As persoas participantes que o decidan poderán deixar en exposición a súa obra durante dúas semanas co fin de atopar un posible comprador/a. As obras expoñeranse no Mercado de Tomiño. Os/as artistas deberán facilitar os seus datos de contacto, que serán comunicados ao público.

O Concello de Tomiño non fará de intermediario nunha posible venda en ningún caso e serán as persoas solicitadas as que contacten directamente cos artistas.

O Concello de Tomiño tamén queda exento de toda responsabilidade en canto á custodia e/o seguro por roubo ou danos das obras expostas.

Quen decida deixar as súas obras en exposición, poderá recollelas entre o 1 e o 4 de setembro na Casa do Concello de Tomiño, acreditando a súa identidade, en horario de luns a venres entre 10 a 14h. Tras este período, as entidades organizadoras poderán dispoñer das obras que non sexan recollidas para o destino que estimen máis conveniente.

O Concello de Tomiño, que en todo caso velará pola boa conservación das obras, non se fai responsable de calquera continxencia que poidan sufrir tanto as obras como os materiais dos participantes durante o desenvolvemento do certame.

10. Réxime Xurídico aplicable. No non previsto nestas bases, estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ANEXO I

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO XIV Certame de Pintura ao aire libre Antonio Fernández Eurocidade Cerveira-Tomiño,

Datos da persoa solicitante:
D/Dª
._____
_____
con DNI / CIF nº_____ , con domicilio en _____
_____nº_____piso_____ esc. _____, Código Postal _____ ,
Poboación _____, Provincia_____, Tlf: _____
Correo electrónico:

Datos da persoa representante:
D/Dª
._____
_____
con DNI / CIF nº_____ , con domicilio en _____
_____nº_____piso_____ esc. _____, Código Postal _____ ,
Poboación _____, Provincia_____, Tlf: _____
Correo electrónico:

EXPÓN:

-Que está interesado/a en **PARTICIPAR NO XIV Certame de Pintura ao aire libre Antonio Fernández Eurocidade Cerveira-Tomiño.**

-Que cumpre cos requisitos establecidos nas bases e convocatoria.

-Que son coñecedor/a de que a presentación da solicitude para a participación no programa, implica o coñecemento e a aceptación expresa das presentes bases desta convocatoria, así como de cada unha das resolucións que se adoiten ao longo do desenvolvemento do proceso de selección.

-Que declaro responsablemente non estar incurso nas prohibición que establece o artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; e estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda municipal, autonómica e estatal, e coa Seguridade Social.

SOLICITO: a admisión da miña solicitude no procedemento.

ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- Copia do DNI/NIE.
- Informe/certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda municipal, autonómica e estatal, e coa Seguridade Social.

Con base no establecido polo artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a documentación que se esixe xa foi presentada no Concello de Tomiño para tramitar outros procedementos e non sufriu cambios, non será necesario presentala outra vez. Neste caso deberá indicar aquí o seu consentimiento e o

procedemento no que foi achegada:_____

LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O Concello de Tomiño é o Responsable do tratamento dos datos persoais que neste impreso se facilitan e por isto, infórmase que estes serán tratados de conformidade co disposto nas normativas vixentes en protección de datos persoais: o Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR) e a Lei Orgánica de protección de datos vixente, polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

Responsable do Tratamento: Concello de Tomiño, con CIF P3605400E e enderezo en Praza do Seixo, 1. Tomiño. 36740 Pontevedra. Delegado en Protección de Datos: na mesma dirección ou ben contactando no mail secretaria@tomino.gal

Fin do tratamento: xestionar o XIV Certame de Pintura ao aire libre Antonio Fernández Eurocidade Cerveira-Tomiño, segundo as bases e correspondente solicitude por parte do interesado.

Lexitimación: o tratamento dos seus datos persoais lexitímase en base ao art. 6.1 e) do RGPD, xa que é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Criterios de conservación dos datos: Os expedientes e todos os seus datos persoais conservaranse mentras dure a relación co administrado, a finalidade para a que se recolleron, se tramite dito expediente ou a Administración resolva dito expediente, de igual maneira poderanse ampliar estes prazos en base ao procedemento administrativo concreto, así como dos prazos que se establecan para efectuar recursos de alzada, reposición e revisión.

Comunicación dos datos: non se comunicarán os datos a terceiros, salvo obriga legal para a xestión da solicitude.

Dereitos que lle asisten: Asístenlle os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade e limitación que poderá exercitar ante este Concello a través do Rexistro Xeral de Entrada e Saída onde se lle proporcionarán os modelos normalizados para o exercicio dos seus dereitos e para os que será preciso que se identifique mediante o seu DNI.

Información Adicional: Poderá consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa web https://tomino.sedelectronica.gal/info.45 pinchando en política de privacidade.

Presentar reclamación: Poderá presentar reclamación ante o Responsable do Tratamento que se lle indicou e en caso de non obter resposta, ante a Axencia Española de Protección de Datos Persoais en rúa Jorge Juan n.º 6, 28001 Madrid ou a través da súa sede electrónica en www.agpd.es.

Os modelos para a solicitude do exercicio dos seus dereitos poderá obtelos na sede electrónica da Autoridade de control en www.agpd.es e deberán ser remitidos ao enderezo postal ou electrónico do responsable.

ASINADO:

REPRESENTANTES LEGAIS DO/A ALUMNO/A